


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

2-3 de marzo do 2024

III CORESMA B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 7** *Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Nestes días imos preparándonos para a Pascua da man de Dona Coresma e facendo este camiño descubrimos que hai cousas que sobran, hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida, e tamén hai cousas que remendar e facer mellor.

No evanxeo de hoxe imos atoparnos con Xesús realmente enfadado con aqueles que fan do templo un lugar de mercado.

Nós, tamén hoxe vivimos nunha civilización na que podemos afirmar, sen medo a equivocarnos, que todo se pode mercar e vender... incluída a relixión.

Son as nosas igrexas o lugar de encontro co Pai ou o lugar no que tratamos de poñer a Deus ao noso servizo?, son as nosas celebracións sentíndonos nas mans de Deus ou unha obriga rutineira?.

O enfado de Xesús no templo de Xerusalén ten que axudarnos a pensar como o estamos a facer nós no templo para **SER CRIBLE E CRENTE**.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Agora pómonos nas mans do Pai, porque o seu corazón está cheo de agarimo, e co seu perdón axúdanos a erguernos e a seguir o noso camiño cara a Pascua. Deus non negocia, Deus perdoo, pois deixémonos perdoar por Deus e perdoémonos uns a outros. Xuntos rezamos:*

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogedes por min a Deus, noso Pai.

Celebrante: *Deus Pai ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que viven e cren so con rutinas e costumes. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo querendo que este templo*
SEXA CRIBLE E CRENTE.

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, celebrando un ano máis os días de coresma, xa temos posta a mirada na Pascua do teu Fillo. Concédenos que as vivencias destes días sirvan para facer minguar as sedes de perdón de tantos homes e mulleres necesitados de xustiza, igualdade e tenrura. Axúdanos a arrincar da nosa fe as rutinas remendando os nosos camiños e entusiasmándonos no compartir deste templo. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Palavra de Deus que agora imos escoitar vainos axudar a entender a coresma como oportunidade de mellorar, porque hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida e hai cousas que necesitamos remendar.*

San Paulo dinos: Xesús coa cruz pode ser escándalo ou loucura, pero para nós os crentes é o amor de Deus manifestado no medio de nós.

No evanxeo Xesús bota do templo aos que fan del un negocio. Deus non é algo que poidamos comprar e vender. É un Pai a quen acudimos coma fillos benqueridos, que nos quere e se preocupa por nós.

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

Os xudeus piden signos e os gregos buscan a sabedoría; pero nós predicamos un Mesías crucificado: e isto para os xudeus é un escándalo e para os pagáns é unha loucura. Pero para os chamados, tanto xudeus coma gregos, el é Cristo, marabilla do poder e da sabedoría de Deus. Porque a loucura de Deus é máis sabia que toda a sabedoría dos homes e a debilidade de Deus é máis forte que toda a fortaleza dos homes.

Palabra do Señor

🎵 *nº 41 Quen nos vai separar de Ti* SALMO

(*en pé*) Leccionario II B páx 68 Xn 2, 13-25 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, Estaba a chegar a Pascua dos xudeus e subiu Xesús a Xerusalén. Atopou no templo os que vendían bois, ovellas e pombas e mailos cambistas, sentados; foi el e fixo un vergallo con cordas de xunco, botounos a todos fóra do templo e as ovellas e os bois tamén; guindou cos cartos e virou as mesas dos cambistas; e aos

que vendían as pombas, díxolles:

- Arredádeme de aquí estas cousas, non fagades da casa do meu Pai unha casa de negocio.

Lembráronse os seus discípulos de que estaba escrito: "O celo da túa casa devórame".

Pola súa parte, os xudeus preguntáronlle:

- Que sinal nos mostras, para faceres estes feitos?

Respondeulles Xesús:

- Derrubade este templo e erguereino en tres días.

Replicáronlle os xudeus:

- Corenta e seis anos levou edificar este templo, e halo erguer ti en tres días?

Pero el dicíao referíndose ao templo do seu corpo. Cando se ergueu de entre os mortos, lembraron os seus discípulos o que dixera e creron na Escritura e no dito de Xesús.

Estando Xesús en Xerusalén pola festa da Pascua, moitos creron nel, vendo os signos que facía. Pero, pola súa parte, Xesús non se fiaba deles, porque os coñecía a todos. Non precisaba de que ninguén lle dese informacións de ninguén, que ben coñecía el o que había no home.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que nos propomos nesta terceira
semana de Coesma
con “dona coesma”?

Con ela seguimos descubriendo que hai
 cousas que necesitamos arrincar na
 nosa vida, porque non todo vale.

Xa lle temos arrincado a perna da
 tentación de cremos mellores que os
 demais, xa lle temos arrincado a
 perna do querer vivir comodamente e
 sen complicarnos. Tamén xa lle

temos cosido o remendo do RESPECTO E A PAZ, e o remendo
 do IMPLICARSE DANDO UNHA MAN.

Hoxe arrincámoslle á nosa coesma esta perna. (Arrincamos
 a perna da 3ª coesma). É a perna do vivir e crer de rutina e con
 rutinas. É arrincar ese xeito de vivir e crer no que o que se trata
 é simplemente de deixar que a vida pase, que os días pasen un
 detrás de outro e nada máis.

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de
 vivir (collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado
 na perna que lle arrincamos á nosa “dona coesma”, colgamos
 a perna na pinza, e pegamos o remendo na saia da vella).
 Acabamos de coser na saia da dona coesma o remendo de
 SER CRIBLE E CRENTE.



Temos arrincado algo que nos sobra, a rutina,
 a compravenda da fe, e temos cosido un novo
 remendo, porque mellor irá a vida da parroquia
 se a remendamos con SER CRENTE E CRIBLE.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial querendo
 mellorar a vida da fe co SER CRIBLE E CRENTE,
 compartimos o noso credo. Dicimos:

♪ **SI CREEMOS**

Monitor/a:

Credes en Deus, no Deus que é Pai e Nai,
 que con misericordia nos acolle
 e nos perdoa con toda gratuidade?

SI CREEMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
 que nos convida a SER CRIBLES E CRENTES
 nas palabras e nos feitos,
 co atrevemento de non calar ante o que está mal
 na igrexa ou no mundo?

SI CREEMOS

Credes no Espírito Santo,
 que nos alenta para camiñar cara a Pascua,
 sendo xentes de ben e de paz?

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
 a comunidade das mulleres e homes
 que necesita superar a tentación
 de ser unha institución de poder e negocio,
 para ser unha comunidade de irmáns?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai conscientes das nosas comodidades, querendo remendar a vida, e confiándonos ás súas mans cheas de agarimo. Digamos

PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS

Monitor/a:

- ✓ Polos veciños e veciñas que en Os Cotos estamos facendo posible unha igrexa alonxada do “negocio” asumindo a responsabilidade de cooperar no seu mantemento. Oremos
- ✓ Polos bispos e os curas para que non haxa medos á hora de esforzarse por facer comunidades cribles dende a gratuidade das celebracións. Oremos
- ✓ Polas persoas que se esforzan por mellorar a vida compartindo e dando unha man, así dannos exemplo para nós facelo mellor sendo cribles e crentes. Oremos
- ✓ Polas xentes de Palestina e Ucraia que o están pasando tremendamente mal, feridos nunha guerra que nos escandaliza e que non podemos entender. Oremos
- ✓ Por nós, que nestes días, da man de dona coresma queremos facelo mellor para chegar á Pascua. Oremos

Celebrante: Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para arrincar as rutinas e costumes da nosa fe e facelo mellor con Xesucristo, Noso Señor.

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Hoxe querendo facer desta igrexa a nosa casa de oración rezamos o Noso Pai que nos ensinou Xesús. Rezamos de corazón, sen rutinas e sendo conscientes de que pomos nas mans do Pai a nosa vida coas nosas preocupacións: NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: O signo da paz neste momento quere ser unha mostra de que todos nós formamos unha soa comunidade, unida nos sentimentos que nos transmite a fe para SER CRIBLES E CRENTES lonxe das rutinas e costumes. Deámonos e regalémonos un xesto de paz.

COMUÑÓN

Celebrante: Participar na celebración é implicarse e comprometer a vida en construír un mundo que no camiñar da coresma quere amar e facer ben aos demais, lonxe das rutinas para ser crible e crente.

Ditosos nós por facer camiño cara a Pascua compartindo coma comunidade este pan do Señor. Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

CANTO n° 41 Quen nos vai separar de Ti

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Ti, Xesús, botaches do templo aos mercadores. Disnos que a túa casa non é unha empresa nin un mercado para comprar a Deus.

A casa do Señor é unha comunidade de irmáns, fraternidade universal onde todas as persoas son sagradas porque son a túa imaxe.

Crea en nós, Xesús, un corazón indignado e auténtico, líbranos dos nosos mesquiños intereses disfrazados de relixiosidade sen corazón.

Xesús, axúdanos a traballar co mesmo celo teu para expulsar do mundo a todos os mercadores da vida e para que a igrexa sexa un auténtico lugar de acollida e encontro con Deus. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Con Xesús quixemos arrincar o que non nos deixa camiñar con dignidade. Quixemos deixar atrás as rutinas, costumes e compravendas da nosa fe.

A nosa celebración ten que ser tamén un remendo para vivir no día a día os pasos da coresma que nos achegan á PASCUA. Por iso cada quen pode levar para a casa o REMENDO de hoxe

SER CRIBLE E CRENTE

(Repártimos o remendo para levalo para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
unha boa coresma,
e que o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

*Rematamos a celebración de hoxe cantando
Ide e pregoade a nova de Deus.
Querendo facelo así de ben co noso remendo
podémonos ir en paz*

♪ n° 56 *Ide e pregoade a nova de Deus*



*“Na vida arrincamos as rutinas e compravendas da fe
e remendamos co
SER CRIBLE E CRENTE”*

Facendo da Coresma camiño cara a Pascua con Cristo